



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 13 DE NOVEMBRO DE 2025.

ÚNICO.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 24/2025 MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVDA. DE FERROL ENTRE AVDA. LOMBARDEIRO E RÍA DE ARES. PRÉSTAMOS INSTITUTO GALEGO VIVENDA E SOLO.....	2
REMATE DA SESIÓN.....	6
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	6





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 13 DE NOVEMBRO DE 2025.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dezaseis minutos do día trece de novembro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal:

Non asiste

NON ASISTEN:

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión.

ÚNICO.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 24/2025 MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVDA. DE FERROL ENTRE AVDA. LOMBARDEIRO E RÍA DE ARES. PRÉSTAMOS INSTITUTO GALEGO VIVENDA E SOLO

Indica, en primeiro lugar, a secretaria a existencia dun erro no parágrafo 6º do ditame coa denominación do proxecto que di:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(...) proxecto de "reurbanización da Avda. de Ferrol entre a Av. De Lombardero e a rúa Ría de Aresme"(...)

e debe dicir:

(...) proxecto de "reurbanización da Avda. de Ferrol entre a Av. De Lombardero e a rúa Ría de Aresme"(...),

A continuación a secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 10.11.2025, que se transcribe no seu literal:

<<2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 24/2025 MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA AVDA. DE FERROL ENTRE AVDA. LOMBARDEIRO E RÍA DE ARES. PRÉSTAMOS INSTITUTO GALEGO VIVENDA E SOLO.

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

Expediente TDeC: 2025/G006/000280 relacionado co 2025/T002/000024

De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 24/2025 na modalidade de suplemento de crédito,

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 263 e 264/2025

Visto o expediente 2025/A003/000031 no que se solicita un préstamo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para financiar o proxecto de "reurbanización da Avda. de Ferrol entre a Av. De Lombardero e a rúa Ría de Aresme", asinado cun orzamento previsto de 600.476,36€

Vista a Resolución de 29/07/2025 (acusado recibo o 05.09.2025 no portal notifica.gal) da estimación da solicitude de acceso ao Fondo de Cooperación para a seguinte actuación e condicións de financiamento:

"-Denominación da actuación: "Reurbanización da avenida de Ferrol"

.-Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de cooperación: 600.476,36 €

-Prazo de reposición da cantidade: 8 anos





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Importe correspondente a cada anualidade:

-Anualidade: 2026 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2027 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2028 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2029 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2030 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2031 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2032 – Importe: 75.059,54 €

-Anualidade: 2033 – Importe: 75.059,58 €

A eficacia desta resolución quedará demorada á sinatura do correspondente convenio de financiamento, (...)

Visto o acordo plenario adoptado na sesión do 25/09/2025 aprobando o dito convenio de colaboración indicado

E visto o convenio asinado, así como realizado o ingreso na conta municipal por importe de 600.476,36 euros o día 6/10/2025,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **600.476,36 euros**, financiado co préstamo indicado, na modalidade de suplemento de crédito, para a obra de reurbanización da Avda de Ferrol, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Reurbanización da Avda de Ferrol	2025/2/NW/1	1532.61900	600.476,36	91100	600.476,36

SEGUNDO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito no orzamento para poder realizar a actuación que o dito préstamo financia.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE CATRO VOTOS A FAVOR (4)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE: D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Isaac Alejandro García Otero e D^a. Ángela Piñeiro Carrera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG(1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e da concelleira do grupo municipal do PP(1) D^a. Montserrat Pico Rodeiro.>>.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para preguntar se se sabe algo máis do desenvolvemento do proxecto.

Responde **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, para dicir que xa hai autorización de patrimonio, que falta autorización de vías e obras, que a subvención tramitouse cun anteprojecto e polo tanto están pendentes da entrega do proxecto que esta previsto ao longo do mes en curso para posteriormente poder licitar.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10)**; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)**, do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **600.476,36 euros**, financiado co préstamo indicado, na modalidade de suplemento de crédito, para a obra de reurbanización da Avda. de Ferrol, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Reurbanización da Avda de Ferrol	2025/2/NW/1	1532.61900	600.476,36	91100	600.476,36





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito no orzamento para poder realizar a actuación que o dito préstamo financia.

REMATE DA SESIÓN.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e dezanove minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 27.11.2025 segundo o borrador asinado o día 24.11.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

